



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 4 DE XULLO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 4 de xullo de 2016.

HORA DE COMEZO: 20:30 h.

HORA DE REMATE: 21:20 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbelo, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón e D. Tomás Hermelo Álvarez.

SUPLENTES: D<sup>a</sup> Eva Rodríguez Calvar.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 20 DE XUÑO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 20 de xuño de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

### **2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN**

#### **2.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización



## Concello de Cangas

para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
D.R.A. (administrador CC.PP. "Playa de Aldán")	Avda. José Graña, nº 28-San Cibrán-Aldán <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

### 2.A.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/INCIDENCIA DE SINAL DE PASAXE PERMANENTE

Dase conta de informe emitido pola Policía Local o día 17.06.2106, referente a incidencia de sinal de pasaxe permanente nº 0290, que di o seguinte:

"Nº REX: 1143/16

*ASUNTO: INCIDENCIA SINAL PASAXE PERMANENTE Nº 0290*

*Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052025 e A052015, por medio do presente, informan:*

*Que tras realizar servizo de patrulla ordinario pola zona de Rodeira, se observa como no hostel -Apartamentos Rodeiramar 2ª-, existe un sinal de pasaxe permanente sito nun portalón de accesos aos apartamentos que non se corresponde co modelo homologado polo Regulamento xeral de circulación (R-308e) e polo tanto tampouco cos modelos de sinais facilitados polo Concello de Cangas.*

*Que o citado sinal, sen embargo, posúe un número de licenza municipal troquelado nº 0290, co escudo e letras do Concello en cor branco sobre fondo azul (ver fotografía nº 1).*

*Que os axentes actuantes proceden a comprobar a través do departamento de tesourería a quen corresponde o sinal de pasaxe permanente nº 0290, obtendo como resultado que o citado sinal foi aboado o día 9 de xullo de 1999 a nome de M.M.O., nada o 25.05.1940 (76 anos), para o enderezo en rúa José Mª Castroviejo nº 13A. Así mesmo se comproba que non está ao corrente do pagamento.*



## Concello de Cangas

*Que se procede a buscar pola rúa José María Castroviejo o nº 13 A, e se constata que non se corresponde con ningunha vivenda na actualidade. Si se observa, que na citada rúa existe o número 13 pero se corresponde cun edificio sito ao marxe esquerdo antes de chegar a rotonda do gordo e xa posúe unha placa de vado con número 523. (Ver fotografía nº 2). Que ao non localizar a situación exacta de destino do pasaxe permanente nº 0290, por ningún lugar da Avda. Castroviejo, procedeuse a contactar co persoal onde está situado o sinal na actualidade na praia de Rodeira, hostel Rodeiramar 2A. Que presentados no lugar e tras solicitar información sobre a instalación do sinal de pasaxe permanente antiregulamentario, manifestan que é o pasaxe que teñen de hai moitos anos e que pertence a M.M.O., propietaria do hostel. Que como hai tempo estaba moi deteriorado, o que fixeron é instalar unha pegatina por enriba do sinal orixinal co emblema do Concello e deixando a vista o número de troquelado 0290.*

*Que logo de comunicarlle que a citada placa non se corresponde na actualidade co modelo oficial e que non estaban ao corrente de pago, quedaron en solicitar formalmente por escrito a renovación da placa e o cambio de situación para a dirección actual.*

*Achégase reportaxe fotográfica”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que pola propietaria do hostel -Apartamentos Rodeiramar 2ª-, se proceda de inmediato a devolver nas dependencias policiais o sinal de pasaxe permanente instalado ilegalmente, así como, a solicitar a instalación dun novo sinal regulamentario no portalón de acceso ao hostel.

SEGUNDO.- Que pola Policía Local e polo departamento de Xestión de Ingresos se faga un seguimento do adoptado no punto primeiro deste acordo. En caso contrario procederase a incoar o correspondente expediente de infracción.

### **3º.- PROPOSTA DE SOLICITUDES DE MESAS E CADEIRAS URBANISMO E PATRIMONIO**

#### **3.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINO PÚBLICO LOCAL**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade cos informes emitidos o día 13.06.2016 polo departamento de Xestión de Ingresos Municipal e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as



## Concello de Cangas

solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

**Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.**

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M.A.P.V. (BAR "VALLADARES"), con NIF 36008914E, con enderezo en San Cibrán, nº14-Aldán-36945 Cangas, para ocupación con mesas e cadeiras en Estrada de Bueu, nº18-San Cibrán-Aldán, nunha superficie de 6,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

\* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR A.M.F. (BAR "STOP"), con NIF 35278778K, con enderezo en Estrada de Viso a Vilanova, nº 69-O Igrexario-O Hío-36945-Cangas, para ocupación con mesas e cadeiras en Estrada de Viso a Vilanova, nº 69-O Igrexario-O Hío, nunha superficie de 20,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

\* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J.O.I. (TAPERÍA "OS PETISCOS"), con NIF 77011128K, con enderezo na rúa do Hío, nº 2-36940-Cangas, para ocupación con mesas e cadeiras en rúa do Hío, nº 2, nunha superficie de 16 m<sup>2</sup>, do 1 de xullo ao 15 de setembro (condiciónase á presentación de informe do ORAL e apertura de establecemento).

\* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR L.V.C. (TAPERÍA "A PARROCHA"), con NIF 35278778K, en representación de "A FALA DE COIRO, SLL", con CIF B94115839 e con enderezo na rúa Benigno Soage, nº 3-36940-Cangas, para ocupación con



## Concello de Cangas

mesas e cadeiras en rúa Benigno Soage, nº 3, nunha superficie de 32,00 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

\* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M.J.M.G. (RESTAURANTE "TÍA BRÍGIDA"), en representación de "TÍA BRÍGIDA, SL", con CIF B36469310 con enderezo en rúa do Arco, nº 10-36940-Cangas, para ocupación con mesas e cadeiras en rúa do Arco, nº10, de 12,60 m<sup>2</sup>., do 1 de xuño ao 30 de setembro.

\* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

### CONDICIÓNS

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2016, agás o indicado no acordo.



## Concello de Cangas

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostelería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de rebogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha xoa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

## **4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/ OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

### **4.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

4.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:



## Concello de Cangas

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen



## Concello de Cangas

ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.905.- M.I.F.P. e E.N.S., con enderezo en Rúa San Xosé, nº 80-2ºA, para en rúa Palomar,S/N-Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza de aplicación SNUN, construír unha vivenda unifamiliar e cerramento de parcela, composta de 108,10 m2. de soto, de 122,80 m2., de planta baixa, 96,50 m2., de primeiro andar e 24,50 m2., de aproveitamento Baixo cuberta,de conformidade co proxecto básico do arquitecto R.O.S e J.A.F.M, de data marzo de 2016, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección, estudo de seguridade e de telecomunicacións.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o viero efectuada con data 23 de xuño de 2016.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización da fronte de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de oitocentos noventa e un euros con dous céntimos (891,02 €).

4.A.2) LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.243.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR M.F.P

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto pola Arquitecta Municipal, con data 29 de xuño de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a M.F.P., con enderezo en Paradela, nº 53-San Xian de Sales-Vedra-A Coruña, para vivenda unifamiliar sita en rúa Cega, nº 23-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 24.461.





## Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 22.540.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR J.B.S.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, con data 27 de xuño de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J.B.S., con enderezo na Avda. de Marín, nº 22-3º esq.-Cangas, para vivenda, sita na Rosada-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 22.545.

### **5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.976.- A J.L.C.P., para limpeza e pintado de cuberta de vivenda existente en Eirado do Señal, nº 9-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.989.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "AS ANDIAS", para reparación cuberta (substitución tella por chapas metálicas na Avda. de Lugo, nº 17-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.996.- A M.G.G., para cambio de tella en Vilanova, nº 8-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.997.- A COMUNIDADE PROIETARIOS EDIFICIO ASUNCIÓN, para instalación de panel "sándwich" en fachada cega da rúa Seixo, nº 16-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.007.- A M.G.C.V., para cambio de tella na Avda. Méndez Núñez, nº 12-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.013.- S.T.S., para rexuntado de fachada e cambio de baranda en rúa Lúa, nº 5-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1958/16.- A S.F.G., para mercería en rúa Valentín Losada, nº 20-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1966/16.- A ABADÍA FORMACIÓN, SL, para academia en rúa Real, nº 42-Cangas.



## Concello de Cangas

### FACENDA

#### **6º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

##### 6.A) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes desfavorables da Tesourería Municipal, acorda denegar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBJECTO</b>
UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA	FIANZA	300,00 €	EXPEDIENTE Nº 24.480
UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA	FIANZA	300,00 €	EXPEDIENTE Nº 24.600

#### **7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

##### 7.A) DACIÓN DE CONTA DE SETENZA DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Dase conta de sentenza ditada o día 28.06.2016 pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de suplicación nº 4575/2015-MCR e procedemento ordinario nº 1067/2014, promovido por Paula Piñeiro Portela.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento da sentenza ditada o día 28.06.2016 pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de suplicación nº 4575/2015-MCR e procedemento ordinario nº 1067/2014, promovido por P.P.P.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

7.B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 259/2009 DIMANANTE DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 259/2009



## Concello de Cangas

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 30.06.2016, referente á peza separada de execución nº 259/2009, dimanante do procedemento ordinario nº 259/2009, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á PEZA SEPARADA DE EXECUCIÓN Nº 259/2009 DIMANANTE DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 259/2009 (X-09/29)*

*Visto o Decreto ditado o día 20/06/2016 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra na peza separada de execución nº 259/2009 (dimanante do PO nº 259/2009) instruído a instancia da mercantil CONSTRUCCIONES BARREIRO B SL.*

*Visto que o citado Decreto na súa parte dispositiva establece:*

*'Aprobar a liquidación de xuros presentada pola representación procesual da executante 'Construcciones Barreiro, SL', por importe de sete mil novecentos dezaeito euros con noventa céntimos (7918,90 euros) a cuxo pago ven obrigado o Concello.'*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de sete mil novecentos dezaeito euros con noventa céntimos (7.918,90 €) a favor da mercantil 'Construcciones Barreiro B SL', con cargo á aplicación 320-352 do vixente orzamento municipal.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente á peza separada de execución nº 259/2009, dimanante do procedemento ordinario nº 259/2009.

### 7.C) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 95/2016 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada dos seguintes datos referidos á Sentenza nº 95/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:



## Concello de Cangas

1.- PO 63/2014.- SENTENZA Nº 95/2016 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA.

- A persoa recorrente: S.F.A.

- Contido: desestima o recurso contencioso-administrativo tramitado como PO Nº 63/2014 a instancia de S.F.A., contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas de data 21.10.2013, sobre aprobación definitiva do Proxecto de Compensación de Unidade de Actuación Nº 2.2. das súas Normas Subsidiarias de Planeamento.

Condena con imposición de costas á parte actora cun límite de oitocentos euros (800,00 €) (gastos de defensa e representación procesal para cada unha das partes que interviñeron como demandadas neste proceso).

- Sentenza firme.

### SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

## **8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

### 8.A) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 01.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Concederlle a ampliación do servizo de Axuda no Fogar a F.S.S., con expediente nº 36008/01/002356 a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

#### Prestacións

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*



## Concello de Cangas

Número de horas mensuais: 20 horas.

Custo do servizo: douscentos corenta e cinco euros con vinte céntimos (245,20 €) (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora)).

*O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de trescentos noventa e nove euros con trinta e oito céntimos (399,38 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 0,00 €/ hora.*

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 euros/mes.

Data prevista de alta no SAF: 1 de xullo de 2016".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### 8.B) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 01.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Concederlle o servizo de Axuda no Fogar a R.P.N., con expediente nº 36008/01/001666-50975, a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

#### Prestacións

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 70 horas.



## Concello de Cangas

Custo do servizo: oitocentos cincuenta e oito euros con vinte céntimos (858,20 €) (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora)).

*O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de setecentos catro euros con oito céntimos (704,08 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de un euro con oitenta e un céntimos (1,81 €/hora).*

Achega económica da persoa usuaria: cento vinte e seis euros con noventa e cinco céntimos (126,95 €/mes).

Data prevista de alta no SAF: 4 de xullo de 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### 8.C) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 01.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a J.G.S., con expediente nº 36008/01/002515-32333 a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

#### Prestacións

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 8 horas.

Custo do servizo: noventa e oito euros con oito céntimos (98,08 €) (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora)).



## Concello de Cangas

*O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de oitocentos vinte e catro euros con dezaioito céntimos (824,18 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de dous euros con dezanove céntimos (2,19 €/hora).*

*Achega económica da persoa usuaria: dezasete euros con cincuenta e dous céntimos (17,52 €/mes).*

*Data prevista de alta no SAF: 4 de xullo de 2016".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### 8.D) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 01.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

\* Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a J.B.S., con expediente nº 36008/01/000930-37413 a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

#### Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.
- Atención de carácter psicosocial.
- Atencións de carácter doméstico.

Número de horas mensuais: 70 horas.

Custo do servizo: oitocentos cincuenta e oito euros con vinte céntimos (858,20 €) (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora)).

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de setecentos corenta e catro euros con cincuenta e cinco céntimos (744,55 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria



## Concello de Cangas

sobre o custo do servizo de un euro con noventa e dous céntimos (1,92 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e catro euros con vinte e catro céntimos (134,24 euros/mes).

Data prevista de alta no SAF: 4 de xullo de 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### 8.E) PROPOSTA DE VARIACIÓN NO SAF

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 01.07.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a M.V.O., con expediente nº 36008/01/002966-46278 a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

#### *Prestacións:*

- Atencións de carácter persoal.*
- Atención de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

*Número de horas mensuais:* 45 horas.

*Custo do servizo:* 551,70 € (12,26 €/hora).

*O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de cincocentos setenta e nove euros con setenta e seis céntimos (579,76 €/mes), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de un euro con vinte e tres céntimos (1,23 €/hora).*





## Concello de Cangas

Achega económica da persoa usuaria: cincuenta e cinco euros con setenta e dous céntimos (55,72 €/mes).

Data prevista de alta no SAF: 4 de xullo de 2016".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### **9º- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL**

#### 8.A) PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 01.07.2016, relativa á concesión de axuda de emerxencia social, que di:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*E.G.G, xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas.*

*Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica de cincocentos oitenta e oito euros (588,00 €) a J.C.L."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

#### 8.B) PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 01.07.2016, relativa á concesión de axuda de emerxencia social, que di:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Don Tomás Hermelo Álvarez en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas (Pontevedra)*



## Concello de Cangas

*Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por don J.R.M.B., e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica de trescentos euros (300,00 €)“.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

### **10º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE S/CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/AS PARA O CURSO 2016-2017**

Dase conta de proposta do día 28.06.2016 da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a contratación do persoal necesario para o funcionamento da Aula de Estimulación de Nenos/Nenas para o curso 2016/2017, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE*

*ASUNTO: contratación do persoal necesario para o funcionamento da Aula de Estimulación de Nenos/Nenas para o curso 2016-2017.*

#### **ANTECEDENTES:**

*Resultando preciso proceder á contratación do persoal necesario para o funcionamento da Aula de Estimulación de Nenos e Nenas durante o curso 2016-2017, mediante a presente sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo de inicio do expediente.*

*Visto que existe crédito para a contratación referida na aplicación 231/131, que se atopa en situación de retido (achégase documento RC e estado demostrativo do saldo existente a día da data).*

#### **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

*1.- Iniciar o expediente para contratación do persoal necesario para o funcionamento da Aula de Estimulación de Nenos/Nenas para o curso 2016-2017, con data de inicio de 1 de setembro de 2016 e remate o 31 de xullo de 2017, cos seguintes postos de traballo:*

- UN/UNHA PEDAGOGO/PEDAGOGA OU PSICOPEDAGOGO/PSICOPEDAGOGA.*



## Concello de Cangas

- *UN/UNHA FISIOTERAPEUTA*

- *UN/UNHA MESTRE/MESTRA ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE, PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA OU EDUCACIÓN ESPECIAL QUE ESTARÁN AFECTOS AO SERVIZO*

*2.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria para a selección de persoal.*

*3.- Dar traslado do presente acordo cos departamentos de Persoal, Servizos sociais e Intervención a efectos de coñecemento e impulso da tramitación correspondente”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, referente a contratación do persoal necesario para o funcionamento da Aula de Estimulación de Nenos/Nenas para o curso 2016/2017.

### DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

#### **11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/RENUNCIAS DE POSTOS DE VENDA DE PEIXE NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS**

11.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA S/RENUNCIA DE TITULAR DE POSTO Nº 55 DE VENDA DE PEIXE

Dase conta de proposta de data 28.06.2016 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renuncia de posto de venda de peixe no Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

*"Ref. Pz-16/008 (ADL)*

*PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL*

*Por escrito con rexistro de entrada nº 8074 do 23.06.2016 M.C.F.G, solicitou a baixa do posto de peixe nº 55 do Mercado Municipal de Abastos.*

*Visto que entre as causas de finalización previstas no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16/08/2005) figura a renuncia do titular.*



## Concello de Cangas

*Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do Concello, os bens obxecto de utilización.*

*En atención ao anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por M.C.F.G. á concesión sobre o posto de peixe nº 55 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento económico e Emprego local, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da praza”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renuncia de posto de venda de peixe no Mercado Municipal de Abastos.

### 11.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA S/RENUNCIA DE TITULAR DE POSTO Nº 17 DE VENDA DE PEIXE

Dase conta de proposta de data 28.06.2016 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renuncia de posto de venda de peixe no Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

*"Ref. Pz-16/007 (ADL)*

### *PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL*

*Por escrito con rexistro de entrada do 08.06.2016, A.G.P., solicitou a baixa do posto de peixe nº 17 do Mercado Municipal de Abastos.*

*Visto que entre as causas de finalización previstas no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16/08/2005) figura a renuncia do titular.*

*Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares*



## Concello de Cangas

*haberán de abandonar e deixar libres e baleiros a disposición do Concello, os bens obxecto de utilización.*

*En atención ao anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por A.G.P. á concesión sobre o posto de peixe nº 17 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento económico e Emprego local, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da praza”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renuncia de posto de venda de peixe no Mercado Municipal de Abastos.

### 11.C) PROPOSTA DA CONCELEIRA S/RENUNCIA DE TITULAR DE POSTO Nº 17 DE VENDA DE PEIXE

Dase conta de proposta de data 28.06.2016 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renuncia de posto de venda de peixe no Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

*"Ref. Pz-16/006 (ADL)*

### *PROPOSTA DA CONCELEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL*

*Por escrito con rexistro de entrada nº 6367 do 25.05.2016, M.L.L.B., solicitou a baixa do posto de peixe nº 36 do Mercado Municipal de Abastos.*

*Visto que entre as causas de finalización previstas no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16/08/2005) figura a renuncia do titular.*

*Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e baleiros a disposición do Concello, os bens obxecto de utilización.*



## Concello de Cangas

*En atención ao anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por M.L.L.B. á concesión sobre o posto de peixe nº 36 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento económico e Emprego local a fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da Praza”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renuncia de posto de venda de peixe no Mercado Municipal de Abastos.

### MOBILIDADE E TRANSPORTE

#### **12º.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE PERMISO DE CONDUCIR MUNICIPAL PARA TAXI**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 04.07.2016, referente a concesión de permiso de conducir municipal para taxi, solicitada por Oscar Chamadoira Mariño, que é como segue:

*"PROPOSTA ALCALDÍA*

*Asunto: Permiso conducir municipal para taxi*

*Vista a solicitude de permiso municipal para conducir taxis presentada por O.C. M., con enderezo en Rúa Outeiro de Erbello, nº 19-Aldán-Cangas, na que achega fotocopia do contrato de traballo do titular da licenza de taxi nº 46, matrícula do vehículo 5273-FRS, M.H.D.R., e fotocopia do seu carné de conducir.*

*Vista a Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, artigos:*

*Artigo 1.- Obxecto da lei e ámbito de aplicación*



## **Concello de Cangas**

*Esta lei regula o transporte público urbano e interurbano de persoas en vehículos de turismo, por medio de taxi ou en réxime de arrendamento con condutor, que se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

### Artigo 2.- Definicións

*j) Condutor ou condutora de vehículos de turismo de transporte público de persoas: persoa física que guía un vehículo de turismo dedicado á prestación dos servizos de taxi ou de arrendamento de vehículos con condutor, ben por ser titular dos títulos habilitantes requiridos nesta lei, ben por ser asalariado daquel e que dispón do permiso de condución esixido na lexislación vixente e conta coa correspondente capacitación profesional que se estableza nas disposicións de desenvolvemento desta lei.*

### Artigo 20.- Prestación do servizo

*1. As persoas titulares de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi deberán prestar o servizo personalmente, sen prexuízo da posibilidade de poder contratar persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación daquelas, que deberán figurar a xornada completa e con dedicación exclusiva.*

*2. En todo caso, cada licenza de taxi ou autorización interurbana de taxi non poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.*

*3.- A relación entre as persoas condutoras asalariadas e as titulares das licenzas de taxi será de carácter laboral.*

### Artigo 21. Acreditacións

*1.- Os titulares de máis de unha licenza de taxi deberán acreditar, perante a entidade que as outorgou, que exercen a actividade personalmente nunha das licenzas de taxi outorgadas, poderán explotar as restantes mediante persoal condutor asalariado.*

*2.- A persoa titular da licenza de taxi, sempre que lle sexa requirido, deberá xustificar perante a entidade que a outorgou o cumprimento das prescricións legais en materia laboral e de seguridade social relativas ás persoas asalariadas.*

### Artigo 22.- Condicións esixibles

*1. Os condutores ou condutoras deberán posuír o correspondente permiso de condución establecido na lexislación vixente e dispoñer da correspondente capacitación profesional que regulamentariamente se estableza.*



## Concello de Cangas

*Visto o anterior propoño a aprobación do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Autorizar, de conformidade co disposto no establecido na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, a concesión o permiso de conducir municipal a O.C.M, previo pagamento da taxa municipal.*

*SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, así como, aos departamentos de Intervención, Taxas e Estatística”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente referente a concesión de permiso de conducir municipal para taxi, solicitada por O.C.M.

### ENSINO E DEPORTE

#### **13º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, PARA O PROXECTO ORQUESTRAL**

Dase conta de Resolución da Alcaldía do día 22.06.2016, referente a solicitude de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o Proxecto orquestral, que di o seguinte:

#### *"RESOLUCIÓN*

*Publicada a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data do 26 de abril de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afecionado e se convocan para o ano 2016.*

*Dado que desde o ano 2006, alumnos/alumnas e profesorado que forman parte da materia de orquestra do Conservatorio Profesional e da Escola de Música, veñen facendo música orquestral dunha forma lúdica sen ningún tipo de interese lucrativo.*

*Vista a memoria redactada pola directora do Conservatorio Profesional de Música de Cangas, RESOLVO:*

*Primeiro.- Solicitar unha axuda ao abeiro da Orde do 26.04.2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Univesitaria, polo importe de mil euros*





## Concello de Cangas

*(1.000,00 €) para o desenvolvemento do Proxecto orquestral, cun orzamento total de catro mil euros (4.000,00 €).*

*Segundo.- Declarar que para este mesmo proxecto que se solicita o Concello ten concedida unha axuda polo importe de dous mil setecentos cincuenta euros (2.750,00 €) da Deputación Provincial de Pontevedra, concedida ao abeiro do Plan Concellos-2016.*

*Terceiro.- Dar conta desta Resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento da Resolución da Alcaldía do día 22.06.2016, referente a solicitude de axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o Proxecto orquestral.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ENSINO E DEPORTE S/REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN A “UTE A BALEA CANGAS”**

Dase conta de proposta do día 04.07.2016 do concelleiro de Ensino e Deporte, referente a requirimento de documentación a “UTE A BALEA CANGAS”, que é como segue:

##### *“PROPOSTA DE REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN*

*Visto que en data 19 de outubro de 2015 adxudicouse por acordo da Xunta de Goberno Local o contrato de ‘SERVIZOS DOCENTES E TÉCNICOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DA PISCINA CUBERTA DE CANGAS’, á Unión Temporal de Empresas ‘SOOM MANAGEMENT, SL’, e ‘ESPROADE, SL’, denominada abreviadamente ‘UTE A BALEA CANGAS’, suscribíndose o contrato en data 28 de outubro de 2015.*

*Vista a necesidade de licitar novamente os servizos necesarios para o funcionamento da instalación da piscina cuberta municipal dado que o contrato actualmente en vigor rematará o vindeiro día 3 de setembro, non sendo procedente a súa prórroga por ser necesario modificar os termos do contrato*



## Concello de Cangas

*para os efectos de contemplar neste necesidades novas postas de manifesto durante o primeiro ano de funcionamento da piscina.*

*No marco da elaboración dos novos pregos de cláusulas que rexerán o novo expediente de contratación dos servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta do Concello de Cangas.*

*PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Requirir á Unión Temporal de Empresas 'SOOM MANAGEMENT, SL', e 'ESPROADE, SL', para que presente perante este Concello, no prazo de dez días hábiles a seguinte documentación:*

- *A relación de persoal adscrito ao contrato de 'Servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas', especificando nome e apelidos, domicilio, antigüidade, xornada, horario e modalidade da súa contratación.*
- *As catro últimas nóminas mensuais dos traballadores.*
- *Os TC-1 e TC-2 de cotización á Seguridade Social dos últimos catro meses.*
- *Copia de todos e cada un dos contratos de cada traballador/traballadora.*

*SEGUNDO.- Requirir así mesmo á Unión Temporal de Empresas 'SOOM MANAGEMENT, SL' e 'ESPROADE, SL', para que presente perante este Concello, no prazo de dez días hábiles o inventario de bens adscritos á prestación do contrato de 'Servizos docentes e técnicos e as actividades deportivas da piscina cuberta de Cangas'.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Ensino e Deporte, referente a requirimento de documentación a "UTE A BALEA CANGAS".

### **B) DACIÓN DE CONTA DE ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN S/LICITACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO VARREDOR E UN QUAD PARA LIMPEZA VIARIA E RECOLLIDA DE RESÍDUOS**

Dase conta de acta da mesa de contratación realizada o día 30.06.2016, para avaliación de ofertas presentadas na licitación de "SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO VARREDOR (LOTE 1) E UN QUAD (LOTE 2)", que é como segue:



## Concello de Cangas

### "ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

*Na sala de reunións contigua á Alcaldía, sendo as doce horas e corenta minutos do día 30.06.2016, previa convocatoria, reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se indican co obxecto de avaliar as ofertas presentadas na licitación relativa á 'SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO VARREDOR (LOTE 1) E UN QUAD (LOTE 2)'.*

*Asistentes á reunión:*

*Presidente: Mariano Abalo Costas - tenente de alcalde*

*Vocais:*

*Berta Alonso Soto -secretaria xeral*

*Sergio Curra Moreira -interventor*

*Secretaria da mesa: Paula Piñeiro Portela -técnica administración xeral*

*A secretaria dá lectura á documentación achegada polos licitadores que son as seguintes:*

#### *LOTE 1: VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA*

*DATA: 28.06.2016*

*REXISTRO DE ENTRADA Nº: 8288*

*LICITADOR: DARLIM, SL*

*NIF Nº: B36612562*

#### *LOTE 2: QUAD PARA RECOLLIDA DE RESÍDUOS*

*> Non hai ofertas*

*Examinada a documentación administrativa achegada no SOBRE A e comprobado que é correcta, os membros da mesa de contratación acordan admitir á licitación á única empresa presentada, procedendo á apertura do SOBRE B que contén a oferta económica. A este acto non asiste ningún representante da empresa. O resultado da oferta é o seguinte:*

*> Prezo neto: 48.901,00 €.*

*> IVE: 10.269,21 €.*

*> Prezo total: 59.170,21 €.*

*> Prazo de entrega: 30 días naturais.*

*> Ampliación do prazo de garantía: 1 ano.*



## Concello de Cangas

*En consecuencia, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros propón á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Declarar válido o procedemento de licitación.*

*Segundo.- Propoñer como adxudicataria do lote nº 1 (vehículo varredor para limpeza viaria) á empresa 'DARLIM, SL', requiríndoa para que no prazo de 10 días hábiles achegue a documentación indicada na cláusula 17ª do PCAP.*

*Terceiro.- Declarar deserta a adxudicación do lote nº 2, relativo á adquisición do quad para recollida de residuos".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da mesa de contratación correspondente á licitación de "SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO VARREDOR (LOTE 1) E UN QUAD (LOTE 2)".

### **C) SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DO MAR AO AMPARO DA ORDE DO 24/05/2016 PARA PROXECTOS AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO-2016**

Vista a solicitude de data 04.07.2016 da concelleira de Desenvolvemento Local, de concesión de axuda á Consellería do Mar, para proxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo-2016, que di o seguinte:

*"SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DO MAR AO ABEIRO DA ORDE DO 24.05.2016 PARA PROXECTOS AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO-2016*

*Publicada a Orde da Consellería do Mar de data do 24.05.2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para prooxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020 e se convocan as correspondes ao ano 2016.*

*Visto que mediante Resolución da Consellería do Mar que inclúe ao Concello de Cangas no GALP Ría de Vigo-A Guarda.*

*Visto que o Concello de Cangas cumpre cos requisitos que establece a orde citada.*



## Concello de Cangas

*Visto o proxecto redactado polos servizos técnicos municipais e a Asociación de Profesionais da Praza de Abastos de Cangas do Morrazo denominado 'MELLORA DOS EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E POSTA EN VALOR DA ACTIVIDADE COMERCIAL DA PRAZA DE ABASTOS DE CANGAS', que pode fomentar o benestar social da veciñanza e ao mesmo tempo reforzar o papel que Cangas ten dentro das comunidades pesqueiras e no desenvolvemento local, propoño á Xunta de Goberno Local:*

*Primeiro.- Solicitar unha axuda á Consellería do Mar para desenvolvemento do proxecto denominado 'ADECUACIÓN DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS NO CONTORNO DA PRAZA DE ABASTOS, cun orzamento total do conxunto da obra e da posta en valor da actividade comercial na Praza de Abastos de Cangas de setenta e catro mil seiscientos noventa e sete euros con dezaoito céntimos (74.697,18 euros), incluído o IVE.*

*Segundo.- Autorizar ao Sr. alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, á formalizar a solicitude de axuda e todos os documentos precisos na tramitación desta con código de procedemento PE155A.*

*Terceiro.- Declarar que non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.*

*Cuarto.- Declarar que non obtivo ningún tipo de axuda suxeita ao réxime de minimis no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores ao da presente solicitude".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Local, de concesión de axuda á Consellería do Mar, para proxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo-2016.

### **D) DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A ASOCIACIÓN DE PROFESIONAIS DA PRAZA DE ABASTOS DE CANGAS DO MORRAZO S/MELLORA DOS EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E POSTA EN VALOR DA ACTIVIDADE COMERCIAL DA PRAZA DE ABASTOS DE CANGAS**

Dase conta de sinatura o día 4 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a Asociación de Profesionais da Praza de Abastos de Cangas do Morrazo, referente a mellora dos equipamentos públicos e posta en valor da actividade comercial da Praza de Abastos de Cangas.



## **Concello de Cangas**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 4 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a Asociación de Profesionais da Praza de Abastos de Cangas do Morrazo, referente a mellora dos equipamentos públicos e posta en valor da actividade comercial da Praza de Abastos de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Intervención e concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente